

MEMORIA DA ADDENDA E PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E A UNIÓN INDEPENDIENTE DE TRANSPORTISTAS AUTÓNOMOS DE ASTURIAS PARA A APLICACIÓN DAS NOVAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN NOS PROCEDEMENTOS DE XESTIÓN TRIBUTARIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia, DECLARA:

Que o 21 de setembro de 2021, as partes subscribiron un Convenio de colaboración polo que se establece un marco de colaboración apropiado entre a Axencia Tributaria de Galicia (en adiante ATRIGA) e a Unión Independiente de Transportistas Autónomos de Asturias.

Que, o instrumento convencional ten por obxecto:

A ATRIGA e a Unión Independiente de Transportistas Autónomos de Asturias, utilizando as novas tecnoloxías da información, ofrecerán aos obrigados tributarios a posibilidade de levar a cabo, dende a propia oficina a que os contribuíntes voluntariamente encomenden os servizos que prestan en relación coa tramitación de procedementos de xestión tributaria, os seguintes trámites:

- Información sobre o valor dos bens inmobles situados en Galicia que vaian ser obxecto de adquisición ou transmisión e, no seu caso conforme coa normativa vixente, obtención dos acordos previos de valoración que sexan da competencia da Consellería de Facenda e Administración Pública.
- Presentación, pago e remisión por vía telemática das autoliquidacións, declaracións, liquidacións e/ou recibos correspondentes aos seguintes impostos:





- a) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (ITP-AJD)
- b) Imposto sobre sucesións e doazóns (ISD).
- c) Taxas fiscais sobre o xogo.
- d) Imposto sobre contaminación atmosférica (ICA).
- e) Imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos de auga embalsada (IDMAE).
- f) Canon eólico (CE).
- g) Imposto compensatorio ambiental mineiro (ICAM).
- h) Canon sobre os inmobles declarados en estado de abandono (CIDEA).
- i) Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos (IDIRES).
- j) Imposto especial sobre determinados medios de transporte, a partir do momento en que a Comunidade Autónoma de Galicia solicite o traspaso dos servizos adscritos.
- k) E, demais impostos, taxas, prezos e outros ingresos de dereito público competencia da Comunidade Autónoma de Galicia para os que se prevea a presentación, pago e remisión por vía telemática.

Que a cláusula oitava do convenio estipulaba que este tería una vixencia de catro anos dende a data da súa sinatura o 21 de setembro de 2021 e que en calquera momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, as partes porían





acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro años adicionais ou a súa extinción.

Que o acordo ten por obxecto, por unha parte, prorrogar para o período comprendido entre o 22 de setembro de 2025 e o 22 de setembro de 2029 a vixencia do Convenio de Colaboración suscrito entre a ATRIGA e a Unión Independiente de Transportistas Autónomos de Asturias o 21 de setembro de 2021, e por outra banda, addendar a cláusula oitava do convenio co fin de prever a posibilidade de que o convenio poda ser resolto por calquera das partes con tres meses de preaviso.

Que, os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do artigo 6 do mesmo.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela
A directora

